

3.

sectores productivos

panorama xeral

sector primario e industrias relacionadas

industria

construcción

servizos

3.1. panoramaxeral

ESTE CAPÍTULO TRATA DE ANALIZA-LOS trazos básicos dos diferentes sectores productivos da economía galega. Para iso, a análise partirá da consideración da relación existente entre os indicadores do emprego e da produción facilitados pola EPA e pola Contabilidade Trimestral de Galicia. Posteriormente, considéranse os datos de traballadores e empresas en alta laboral na Seguridade Social facilitados pola Tesorería General de la Seguridad Social, as variables empresariais das empresas consideradas por Ardán, e finalmente, faise referencia ós datos do sector exterior facilitados polo ICEX.

Atendendo ós datos da **Contabilidade Trimestral de Galicia** (base 1995) estimado polo IGE, **cadro C.1.1.** (*PIB galego a prezos de mercado 2002-03: distribución segundo os seus compoñentes*), o produto interior bruto a prezos de mercado en 2003 ascendeu a 36.128,0 millóns de euros (prezos constantes), un 2,4% máis que no ano precedente. En termos nominais (prezos correntes), a taxa de crecemento do PIB a prezos de mercado foi do 6,6%.

Se se considera a súa evolución trimestral, a expansión da economía galega racha coa desaceleración iniciada en 2000. As taxas de crecemento medran trimestre a trimestre, pasando do 2,1% do primeiro trimestre do ano 2003 ó 2,8% do derradeiro trimestre do ano. En termos nominais, estas taxas de crecemento foron de 6,3% no primeiro trimestre do ano e do 6,9% no derradeiro trimestre.

A ocupación en Galicia (1.105,5 miles de persoas), **cadro C.2.4.** (*Poboación ocupada 2002-03: distribución ocupada segundo sectores económicos, situación profesional, grupos de idade e nivel e formación acadado*), presentou no ano 2003 un crecemento do 3,1% (33,3 miles de ocupados máis), cifra que é sete décimas superior á experimentada polo crecemento económico.

Atendendo á desagregación por ramas de actividade, o sector servizos de mercado é o que xera un maior valor engadido (prezos constantes), con 14.314,4 millóns de euros (o 39,6% do PIBpm galego). Séguelle o sector industria e os servizos non de mercado, con 5.573,5 (o 15,4% do PIB galego a prezos de mercado) e 5.254,3 millóns de euros (14,5% do PIBpm galego), respectivamente.

O VEB a prezos básicos (prezos constantes) do sector primario (agricultura, gandería e pesca) experimentou no ano 2003 unha caída do 3,7% respecto ó ano precedente (en 2002 a taxa de variación interanual foi do 0,7%). Ó longo do ano 2003, a produción minorou a súa caída, pasando do -4,7% no primeiro trimestre do ano ó -1,5% do derradeiro trimestre. Se a análise se fai considerando os prezos correntes (termos nominais) este sector presenta entre os dous anos considerados un descenso do 2,0% (medra un 0,3% no ano 2002).

Esta redución da actividade no sec-

tor primario foi acompañada dun descenso da ocupación (fonte: EPA) do 0,9% (1,3 miles de persoas menos que no ano anterior), acollendo un total de 136,7 miles de traballadores.

O sector industrial (sen a rama enerxética) experimentou en 2003 un crecemento do seu VEB a prezos básicos (prezos constantes) do 2,4%, porcentaxe cinco décimas inferior á acadada no ano anterior. A produción industrial presenta no segundo trimestre de 2003 a taxa de crecemento máis elevada, co 2,6%, sendo de 2,5% e 2,3% no terceiro e cuarto trimestres do ano, respectivamente. Se a análise se fai considerando os prezos correntes (termos nominais) a taxa de crecemento do sector industrial entre os anos 2002 e 2003 foi do 4,6%, oito décimas porcentuais menos que en 2002.

A rama enerxética presentou no ano 2003 unha taxa de crecemento do VEB (en prezos constantes) do 3,4% fronte ó -2,9% de 2002. En termos nominais (prezos correntes), este subsector presentou unha taxa de crecemento do 8,6%, (1,4% no ano precedente).

A diferenza do acontecido en 2002, nos catro trimestres de 2003 o subsector enerxético presenta unha taxa de crecemento positiva da súa produción (en termos reais), acadando un máximo de 4,0% no terceiro trimestre e un mínimo de 2,3% no primeiro trimestre do ano. Se a análise se fai tendo en conta a produción en termos nominais, este subsector presenta un crecemento do 9,3% no cuarto trimestre e do 7,4% no primeiro trimestre do ano.

O emprego industrial (incluído o subsector enerxético) experimentou un descenso do 1,6% (a produción medra un 2,3% no ano 2003), acadando os 214,6 miles de persoas ocupadas (fonte: EPA). Segundo os datos de ocupación da Encuesta de Población Activa, as ramas de

fabricación de material de transporte e as industrias de productos alimenticios, bebidas e tabaco son as máis importantes, ó acolle-lo 18,4% e 18,9% dos traballadores ocupados nas distintas ramas industriais. Séguenlle en importancia as actividades téxtiles e nas industrias metalúrxicas productos metálicos, que acollen en torno ó 12,5%, cada unha delas.

O sector da construción experimenta unha taxa de crecemento do VEB (en prezos constantes) do 3,1%, 7,5 puntos porcentuais inferior á taxa de variación interanual do VEB a prezos básicos en termos nominais (prezos correntes). Ó longo do ano a taxa de crecemento mantense constante nun 3,1% nos tres primeiros trimestres, aumentando lixeiramente ata o 3,3% no derradeiro trimestre.

O emprego neste sector no ano 2002 rexistra unha caída do número de traballadores do 3,0% respecto ano anterior (4,0 miles de persoas ocupadas menos), sendo o número total de ocupados de 129,4 miles de persoas.

O sector servizos experimentou en 2003 unha taxa de crecemento do VEB (en prezos constantes) do 2,6% fronte ó 1,8% experimentado no ano anterior. En termos nominais, a taxa de variación interanual do VEB a prezos básicos foi de 6,7%. Atendendo á desagregación entre servizos de mercado e non de mercado, a taxa de crecemento do VEB, en termos reais, no primeiro caso foi do 2,1% respecto ó ano anterior, e no segundo de 4,0%.

Atendendo á evolución trimestral, a taxa de crecemento aumenta trimestre a trimestre, acadando un 2,1% no primeiro trimestre e un 3,1% no cuarto trimestre.

A ocupación no sector servizos medrou no ano 2003 un 7,2% respecto ó ano anterior (o VEB a prezos básicos, en termos reais, medra 4,5 punto máis) ata

chegar ós 624,7 miles de ocupados. Entre as ramas máis importantes, salientan as de “comercio por xunto e polo miúdo” “outros servizos” e “administración pública, defensa nacional e seguridade social”, que acollen o 22,3%, 20,8% e 14,3% dos traballadores ocupados nas ramas do sector servizos.

O número de **traballadores en alta laboral na Seguridade Social** en Galicia en 2003, **cadro 3.1.1.**, aumentou un 2,6% respecto ó ano anterior (24.041 persoas máis) para acadalos 947.125 traballadores. Atendendo ós diferentes grupos de actividade, as que engloban o maior número de traballadores son as da “construción”, o “comercio polo miúdo agás vehículos de motor”, “actividades sanitarias e de alugueiro, servizos empresariais” e as “actividades agrícolas”, que acollen en conxunto o 38,5% das afiliacións (un 45,5% en Lugo e o 34,8% en Pontevedra).

A Coruña acolle ó 42,5% do total de traballadores en alta laboral no réxime xeral da Seguridade Social, en tanto que Pontevedra acolle ó 36,3%. As provincias de Lugo e Ourense acollen o 10,8% e o 10,5%, respectivamente.

O réxime xeral acolle a 667.724 afiliados (o 70,5% das persoas afiliadas), sendo o seu incremento do 3,3% (21.415 afiliados máis). Tendo en conta que o número de empresas en alta laboral no réxime xeral da Seguridade Social e no réxime especial da minería do carbón en 2003 ascendeu a 80.204, **cadro C.3.3.** (*Empresas e traballadores en alta no Réxime Xeral e Réxime especial da minería do carbón 2003: distribución segundo o tamaño da empresa*), o número medio de traballadores por empresa foi de 8,3 traballadores por empresa.

O devandito cadro reflicte que o 55,4% das empresas teñen de un a dous traballadores (44.413 empresas), un 22,3%,

3.1.1.

Traballadores afiliados en alta laboral na Seguridade Social 2003 : distribución segundo ramas de actividade

	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
			(número)		
Sector primario	99.743	31.426	27.096	8.750	32.471
Actividades agrícolas	71.615	24.405	24.821	8.743	13.646
Pesca	28.128	7.021	2.275	7	18.825
Industria	164.645	62.853	15.376	18.249	68.174
Minería enerxética	192	144	22	6	20
Minería non enerxética	6.455	723	1.338	2.814	1.580
Alimentación	25.934	10.498	3.444	2.559	9.433
Téxtil, confección e coiro	20.463	12.835	496	2.607	4.524
Madeira	13.575	5.187	1.873	1.758	4.758
Papel e edición	7.409	3.381	471	476	3.081
Refinado do petróleo	592	575	-	11	6
Química	3.795	1.128	771	344	1.552
Caucho e plástico	3.738	804	244	459	2.231
Productos minerais non metálicos	12.036	2.983	2.563	1.484	5.006
Metalurxia e produtos metálicos	20.471	7.799	1.587	1.955	9.131
Maquinaria	5.505	2.205	588	260	2.452
Material eléctrico e óptico	6.146	2.569	555	1.026	1.998
Material de transporte	26.454	5.986	399	841	19.229
Fabricación de mobles	6.795	2.872	757	1.026	2.141
Reciclaxe	475	215	5	8	248
Electricidade, gas, auga	4.610	2.949	263	615	784
Construcción	118.111	50.668	13.113	13.893	40.438
Servicios	564.182	242.900	65.853	60.996	194.439
Venda e reparación vehículos, gasoleneiras	25.247	9.700	3.460	2.889	9.199
Comercio por xunto e interm. agás veh. motor	50.206	21.331	5.357	4.679	18.839
Comercio polo miúdo agás vehículos motor; reparacións ef. pers.	100.743	41.991	10.867	11.466	36.418
Hostalería	56.401	23.345	7.046	6.062	19.949
Transporte, almacenamento e comunicacións	47.476	19.552	5.908	4.408	17.610
Intermediación financeira	20.353	9.103	2.109	2.277	6.866
Adm. pública, defensa nacional e seguridade social	64.270	29.594	9.763	6.541	18.372
Act sanitarias e de alugueiro, servizos empresariais	74.519	35.304	6.454	6.442	26.321
Educación	25.704	12.019	2.352	2.997	8.337
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	46.025	16.476	6.871	7.076	15.601
Outras act sociais e de serv prestados á comunidade; serv persoais	53.238	24.485	5.666	6.159	16.927
Organismos extraterritoriais	12	2	-	-	10
Non tipificados	432	158	49	62	163
Total	947.125	388.007	121.487	101.950	335.695

(1) en medias anuais

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, Afiliacións á Seguridade Social

de tres a cinco traballadores (17.911 empresas) e que en 1.516 empresas (1,9%) traballan máis de 50 traballadores.

A análise das **variables empresariais** da economía galega realízase fundamentalmente sobre a información que proporciona o servizo de estudos **Ardán**, que considera as empresas con domicilio social en Galicia –o que implica deixar fóra algunha empresa importante, polo que as cifras poden presentar algunha distorsión-, das que se teñen datos no dous últimos anos consecutivos, e que presentan unha facturación superior ós 240.000 euros en 2002.

Tendo en conta estas limitacións, o conxunto de empresas consideradas nos

anos 2001 e 2002 ascendeu a 13.534 empresas, fronte ás 12.784 empresas seleccionadas para os anos 2000 e 2001. Comparado cos datos do Dirce, estas empresas representan o 27,2% do total de empresas mercantís galegas (sociedades anónimas e sociedades de responsabilidade limitada) e acollen en torno ó 43% dos traballadores asalariados galegos.

O **cadro C.3.4. (Sectores productivos 2002)**, que recolle os datos relativos á distribución da actividade segundo os grandes grupos de actividade, reflicte que estas empresas teñen nese ano uns ingresos de explotación de 49.628,0 millóns de euros e xeraron un valor engadido bruto a custo de factores de 10.006,5 millóns de euros. O seu emprego medio, calculado segundo

os datos presentados polas propias empresas, ascendeu a 25 traballadores.

O sector industrial, composto por 4.084 empresas, acolle o 46,4% dos ingresos de explotación e o 42,7% do VEB xerado pola empresas da selección, sendo ademais o sector de actividade co maior emprego medio, con 31 traballadores por empresa segundo os datos facilitados por elas mesmas. As 3.984 empresas englobadas no sector da construción, cun emprego medio de 21 traballadores por empresas, xeran o 23,9% do VEB e as 2.956 empresas do sector primario e industrias relacionadas, o 17,5% do VEB (presentan un emprego medio de 21 traballadores por empresas).

Atendendo á **distribución xeográfica** das empresas galegas consideradas por Ardán, o **cadro C.3.9.** (*Núcleos de localización empresarial máis importantes pola súa xeración do VEB 2001-02*) amosa os oito principais núcleos de localización segundo o VEB a custo de factores xerado polas empresas emprazadas nestes municipios. En conxunto, no ano 2002 acollen ó 63,5% do VEB total xerado polas empresas galegas estudadas fronte ó 63,0% do ano anterior, sendo esta porcentaxe lixeiramente superior ó 70% no caso da industria e dos servizos. Pola contra, estes oito concellos xeran o 43,9% do VEB polas empresas do sector primario.

Vigo e A Coruña son os dous principais núcleos de localización de Galicia, que xeran un total de 2.041,3 e 1.541,8 millóns de euros, o que supón o 20,4% e 15,4% do VEB xerado polas empresas seleccionadas polo Ardán. Do devandito cadro C.3.9. pode deducirse a importancia do sector industrial para os núcleos de Vigo, Arteixo e O Porriño, xa que este sector representa o 57,8%, o 87,0% e o 58,0%, respectivamente, do VEB xerado nos devanditos municipios (a media galega é do 42,7%). En Pontevedra e Ourense

salienta a importancia do sector da construción, que acolle o 60,1% e 53,4% do seu VEB (en Galicia representa o 23,9%).

A **conta de explotación agregada** destas 13.534 empresas, **cadro C.3.5.** (*Evolución da actividade empresarial 2001-02: ingresos, custos e resultados*), reflicte un incremento do 8,3% do resultado de actividades ordinarias –aquelas directamente relacionadas coa actividade das empresas, xa que exclúe os resultados extraordinarios e o imposto de sociedades– así como unha medra do 8,1% do seu resultado neto do exercicio.

O VEB a custo de factores polas empresas consideradas presenta no período 2001-02 unha medra sete décimas superior á experimentada polos ingresos de explotación (9,6% e 8,9%, respectivamente). A súa importancia relativa no total dos ingresos de explotación aumenta dúas décimas, acadando o 20,2% no ano 2002.

Os gastos financeiros medraron no ano 2002 un 11,3%, e o indicador do nivel de actividade carga financeira/ingresos de explotación descende dende ó 1,04% de 2001 ó 0,97% do ano 2002.

No que atinxe ós gastos de persoal, que experimentan un crecemento do 7,8%, estes presentan unha lixeira caída do seu peso relativo na estrutura de custos con respecto ós ingresos de explotación, pasando de se-lo 12,7% de 2001 ó 12,6% do ano 2002.

A análise do **balance agrupado** reflicte, **cadro C.3.7.** (*Evolución do investimento e do financiamento na empresa galega 2001-02*), o equilibrio patrimonial nas empresas galegas seleccionadas. O financiamento permanente (20.985,4 millóns de euros) cubre no ano 2002 a totalidade do activo fixo neto (17.508,9 millóns de euros) e o 15,1% do circulante neto (23.057,4 millóns de euros nese ano).

O fondo de rotación ascende a 3.476,6 millóns de euros, un 1,8% inferior ó existente no ano anterior.

No concerne ás fontes de financiamento, o 51,7% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que medran un 13,3% respecto ó ano anterior, supoñen o 30,9% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo rexistraron unha medra do 7,5%, cun peso relativo do 18,5% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 40.566,3 millóns de euros, un 9,1% superior ó valor de 2001, dos que 17.508,9 millóns de euros corresponden ó activo fixo neto (un 123,1% superior ó existente o ano anterior). Os 23.057,4 millóns restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 6,2% en relación a 2001.

No que ó **estudio económico e financeiro** se refire, os indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación, **cadro C.3.6.** (*Empresa galega 2001-02: indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación*), reflicten unha desaceleración no crecemento dos ingresos, unha redución, respecto ós ingresos, do VEB e dos gastos de persoal, e unha caída da carga financeira.

En canto á rendibilidade e magnitudes asociadas, **cadro C.3.8.** (*Empresa galega 2001-02: rendibilidade e magnitudes asociadas*), a rendibilidade económica practicamente non varía, permanecendo estables tanto a marxe como a rotación de activos. A rendibilidade financeira antes de impostos decrece no período considerado fundamentalmente pola caída da rendibilidade económica, a pesar de que o custo neto da débeda se reduce. Asemade, cómpre salientar que decrece o nivel de endebedamento.

Os datos do **comercio exterior** recollidos nos **cadros 1.4.3.** (*Importacións 2003: distribución sectorial*) e **1.4.6.** (*Exportacións 2003: distribución sectorial*) reflicten que o sector primario acolle o 23,5% do valor das importacións galegas e o 18,6% das exportacións, en tanto que nos produtos industriais, se concentra o 63,3% do valor total das importacións galegas e o 79,7% das exportacións.

O valor total das exportacións dos produtos do sector primario acadou os 1.844,7 millóns de euros (un 4,6% menos que no ano anterior) en tanto que as importacións acadaron os 2.391,4 millóns de euros (un 6,2% máis que en 2002), polo que o déficit da balanza comercial agraria foi de 546,7 millóns de euros. Comparado co total estatal, este sector representa o 8,9% do valor total das importacións españolas deste tipo de produtos, e o 7,1% do valor das exportacións.

Ó igual que no caso do sector primario, o importe total das exportacións enerxéticas diminúe en 2003 fronte ó incremento do valor das importacións. Como se reflicte nos devanditos cadros **cadros 1.4.3.** e **1.4.6.**, as importacións de produtos enerxéticos ascenderon a 1.340,8 millóns de euros, un 6,6% máis que o rexistrado no ano anterior, e as exportacións acadan os 175,3 millóns de euros, un 3,2% menos. O saldo dá 1.165,5 millóns de euros.

O valor total das exportacións dos produtos industriais ascendeu a 7.894,9 millóns de euros e as importacións acadaron os 6.447,6 millóns de euros, polo que a balanza comercial presenta un superávit de 1.447,3 millóns de euros.

Este saldo positivo débese ó comportamento do subsector de manufacturas, que presenta un saldo positivo de 2.011,5 millóns de euros, onde salienta, funda-

mentalmente, ó comportamento dos materiais de transporte, cun saldo de 2.181,6 millóns de euros.

No caso das semimanufacturas, a diferenza do acontecido en 2002, no ano 2003 prodúcese unha medra tanto das importacións (19,3%) como das exportacións (3,1%), acadando un valor de 1.581,1 e 1.016,9 millóns de euros, respectivamente. Comparado co valor total das importacións e exportación españolas deste subsector, Galicia acolle o 3,7% do valor das importacións e o 3,1% das exportacións.

O sector das manufacturas é o sector máis importante ó representar case a metade do valor das importacións e máis das dúas terceiras partes das exportacións galegas (4.866,5 e 6.878,0 millóns de euros, respectivamente). Neste sector salienta, por riba dos demais, o subsector de materiais de transporte, onde as súas importacións representan o 27,2% do valor total das importacións galegas e as súas exportacións o 49,9% das exportacións galegas. Comparado co ano anterior, as exportacións reducíronse nun 0,7%, en tanto que as importacións rexistraron unha medra do 7,2%. En relación ós fluxos comerciais españois, Galicia acolle o 13,8% das exportacións dos produtos incluídos no subsector de “materiais de transporte” e o 8,3% das importacións.

Séguelle en importancia o comportamento das industrias relacionadas co téxtil, onde as importacións acadan un valor de 1.102,0 millóns de euros (13,1% máis que en 2002) e o valor das exportacións os 1.190,3 millóns de euros (un 17,8% máis que no ano anterior). Comparado o total estatal, o comercio exterior destes produtos acaparan o 18,5% do valor das exportacións españolas destes produtos e o 11,8% das importacións. ■

